



BASES REGULADORAS DAS BONIFICACIÓNS AO TRANSPORTE UNIVERSITARIO DE ESTUDIANTES CURSO 2010-2011.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española no seu artigo 40 establece que os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico, no mesmo senso o apartado segundo recolle que os poderes públicos fomenatarán unha política que garantice a formación.

O artigo 25.2.k da **Lei 7/1985 , de 2 de abril,Reguladora das Bases do Réxime Local** recolle, entre as funcións do Municipio , a prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

De igual xeito a **Lei 13/2008 , do 3 de decembro,de Servizos Sociais de Galicia** nos seus artigos 3 e 4 establece como obxectivos do sistema galego de servizos sociais a facilitación da aplicación efectiva nos seus servizos e programas de políticas transversais que incidan na eliminación de todo tipo de discriminación selectiva e exclusión social. Consonte ao anterior a garantía do apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

A **Lei Orgánica 2/2006,de 3 de maio , de educación** establece que o sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos en ela, inspírase nos seguintes principios : a calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias , a equidade, que garantice a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais. Así mesmo a cooperación e



colaboración das Administracións educativas coas Corporacións Locais na planificación e implementación da política educativa.

Pola súa banda a **Lei Orgánica 6/2001 , de 21 de decembro, de Universidades** estipula no seu artigo 42 que o estudio na Universidade é un dereito de todos os españois nos termos establecidos no ordenamento xurídico. Así mesmo o artigo 45 do mesmo texto normativo establece que para garantir as condicións de igualdade no exercicio do dereito á educación e para que todos os estudantes , con independencia do seu lugar de residencia, desfruten das mesmas oportunidades de acceso aos estudos superiores establecerase un sistema de becas e axudas ao estudio destinado a remover os obstáculos de orden socioeconómico.

PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das bonificacións ao transporte dos/as estudantes universitarios /as empadroados/as no Concello de Lalín durante o curso 2010 – 2011, coa finalidade de reducir o impacto deste tipo de gastos nas economías familiares e de garantir o acceso ao estudio na Universidade.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

SEGUNDA.- DOTACIÓN ORZAMENTARIA

As bonificacións concédense con cargo á partida orzamentaria 324.223.00 do orzamento do Concello de Lalín para o ano 2010.



TERCEIRA.- MODALIDADE DE BONOS:

As modalidades de bonos son dúas para o transporte universitario de estudantes:

- **Modalidade Diaria** , para as persoas que empreguen os bonos de luns a venres.
- **Modalidade Semanal**, para as persoas que empreguen os bonos dúas veces por semana : unha para acudir á localidade onde esté situada o centro no que cursa estudos e outra para regresar ao seu domicilio no Concello de Lalín.

CUARTA.-PERSONAS BENEFICIARIAS

Serán beneficiarios/as destas axudas os/as alumnos/as que cursen,exclusivamente, os estudos establecidos na base QUINTA do presente regulamento.

As persoas extranxeiras que residan no Concello de Lalín poderán beneficiarse desta prestación sempre que se atopen en situación administrativa regular e cumplan as condicións da Lei Orgánica 4/2000,sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España, e os requisitos establecidos nesta norma.

QUINTA.-REQUISITOS

1- Que a persoa solicitante se atopen empadroadas no Concello de Lalín .

2- Que a persoa solicitante esté matriculada:

- En curso académico de 1º ou 2º ciclo nalgunha das Universidades Galegas (Universidade de Vigo,de Santiago de Compostela e de A Coruña)



- En curso académico de ensinanzas artísticas superiores: estudos superiores de música e danza, ensinanzas de arte dramático, ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais e estudos superiores de artes plásticas e deseño.

3- Que a persoa solicitante esté matriculada dun número mínimo de 45 créditos para o curso académico.

4- Estar cursando estudos de primeira carreira, sempre que non sexan un segundo ciclo de continuidade dunha diplomatura ou do primeiro ciclo dunha licenciatura.

SEXTA.-EXCLUSIÓNS

Quedan excluídas do obxecto das presentes os estudos de :

- Bacharelato nas súas tres modalidades: artes, ciencias e tecnoloxía e humanidades e ciencias sociais.
- Formación profesional nas modalidades de grao medio e superior.
- Ensinanzas artísticas: ensinanzas elementais de música e danza; ensinanzas profesionais de música, danza e os graos medio e superior de artes plásticas e deseño.
- Ensinanzas de idiomas: estudos cursados nas escolas oficiais de idiomas.
- Ensinanzas deportivas nas súas modalidades de grao medio e superior.
- Máster, posgrao, doutoramento

SÉTIMA.-SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse en modelo de instancia subscrita pola persoa solicitante e deberá de ir acompañada da seguinte documentación:



- Copia cotexada do **DNI**, NIE ou pasaporte do/a solicitante.
- 1 fotografía tamaño carnet.
- Xustificante de matrícula nos centros de ensino onde se cursen as ensinanzas reguladas na base quinta.
- Fotocopia cotexada da declaración da renda do último exercicio económico de todos os membros que compoñan a unidade familiar ou certificación negativa expedida pola Administración Tributaria.
- No caso de variacións significativas na renda per cápita bruta no ano 2010, achegaranse xustificantes dos ingresos.
- Fotocopia da certificación do grao de minusvalía no caso de que algún membro da familia este afectado por ela, ou resolución de invalidez.
- Achegarase ademáis a seguinte documentación en caso de atoparse nas seguintes situacións:

PARA PENSIONISTAS

- Xustificante de pensión/s mensual/ais no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS correspondente ó ano 2009

PARA DEMANTES DE EMPREGO CON PRESTACIÓNS

- Certificado das prestacións do INEM correspondente ó ano 2009.
- Vida laboral da tesourería da Seguridade Social.

PARA DEMANDANTES DE EMPREGO SEN PRESTACIÓNS

- Fotocopia tarxeta demanda de emprego
- Vida laboral da Tesourería da Seguridade Social.

PARA PERCEPTORES DA RISGA

- Aportarán unicamente o xustificante da contía mensual que percibe.
- Calquera outra que se considere conveniente na instrución do procedemento da resolución.



OITAVA.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude e a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

O prazo de presentacións de instancias permanecerá aberto ata o día 15 de setembro de 2010.

Non se admitirán solicitudes fóra de prazo, agás situacións por causas sobrevidas que deberán ser avaliadas e informadas polo persoal técnico da Concellería de Servizos Sociais.

NOVENA.-VALORACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes valoraranse de acordo ao criterio de renda familiar mensual .

A efectos das presentes bases considerarase **unidade familiar** a formada pola persoa solicitante, pai, nai, titor/a e os/as irmáns/ás do/a solicitante menores de 26 anos que convivan no domicilio familiar ou maiores cun grao de minusvaléz recoñecido igual ou superior ao 33% .

No caso de **unidades familiares monoparentais** incrementarase un 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Enténdese por **renda familiar mensual** o resultado de dividir a suma total dos ingresos de todos os membros computables da unidade familiar entre doce e entre o número de membros computables.

A Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2010 fixa a contía do IPREM en **532,51 €**.



DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DAS BONIFICACIÓNS

MODALIDADE DIARIA

RENDA	BONIFICACIÓN
Ata 532,51€ (100% IPREM)	100,00%
Entre 532,52€ e 1065,02€ (Entre o 100% e o 200% IPREM)	50,00%
Máis de 1065,03€ (> 200% IPREM)	25,00%

MODALIDADE SEMANAL

RENDA	BONIFICACIÓN
Ata 399,38 (75% IPREM)	50,00%

UNDÉCIMA.- TARIFAS PARA O ESTUDIANTADO QUE EMPREGUE OS BONOS DIARIOS E SEMANAIS SEGUNDO OS TRAMOS DE RENDA.

TARIFAS PARA O ESTUDIANTADO MODALIDADE BONOS DIARIOS			
RENDA	BONIFICACIÓN		
Ata 532,51 €	GRATUÍTO		
RENDA	BONIFICACIÓN	DESTINO	PREZO BILLETE POR VIAXE
Entre 532,52€ – 1065,02€	50,00%	Santiago	1,74 €
Entre 532,52€ – 1065,02€	50,00%	A Coruña	4,00 €
Entre 532,52€ – 1065,02€	50,00%	Ourense	1,72 €
Entre 532,52€ – 1065,02€	50,00%	Ferrol	4,95 €
Entre 532,52€ –	50,00%	Pontevedr	2,21 €



1065,02€		a	
Entre 532,52€ – 1065,02€	50,00%	Vigo	2,92 €
Entre 532,52€ – 1065,02€	50,00%	Lugo	2,21 €
RENDA	BONIFICACIÓN	DESTINO	PREZO BILLETE POR VIAXE
> 1065,03€	25,00%	Santiago	2,61 €
> 1065,03€	25,00%	A Coruña	6,00 €
> 1065,03€	25,00%	Ourense	2,59 €
> 1065,03€	25,00%	Ferrol	7,43 €
> 1065,03€	25,00%	Pontevedra	3,31 €
> 1065,03€	25,00%	Vigo	4,39 €
> 1065,03€	25,00%	Lugo	3,31 €

TARIFAS PARA O ESTUDIANTADO MODALIDADE BONOS SEMANAIS

RENDA	BONIFICACIÓN	DESTINO	PREZO BILLETE POR VIAXE
Ata 399,38 €	50,00%	Santiago	1,74 €
Ata 399,38 €	50,00%	A Coruña	4,00 €
Ata 399,38 €	50,00%	Ourense	1,72 €
Ata 399,38 €	50,00%	Ferrol	4,95 €
Ata 399,38 €	50,00%	Pontevedra	2,21 €
Ata 399,38 €	50,00%	Vigo	2,92 €
Ata 399,38 €	50,00%	Lugo	2,21 €

DÉCIMOSEGUNDA.-RESOLUCIÓN

Unha vez valoradas as solicitudes presentadas a Concelleira Delegada de Servizos Sociais elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local que resolverá concedendo ou denegando as bonificacións.



DÉCIMOTERCEIRA.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas beneficiarias:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

DÉCIMOCUARTA.-COMPATIBILIDADE

As bonificacións reguladas nestas bases serán compatibles con calquera outra establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como por calquer entidade privada.

DÉCIMOQUINTA.-RECURSOS

Contra as resolucións administrativas que se adopten poderá interpoñerese, potestativamente, recurso de reposición perante o Concello de Lalín no prazo dun mes. Enténderase desestimado se transcorre un mes sin



contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso – Administrativo, no prazo de dous meses.

Lalín, 13 de agosto de 2010.

Cristina Cuñarro Mosteiro

Asesora Xurídica da Concellería

de Servizos Sociais

ANEXO I

Solicitud de Bonificacións do Transporte Universitario de Estudiantes CURSO 2010-2011

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF/NIE	
ENDEREZO	LOCALIDADE	TELÉFONOS	
ESTUDOS CONDUCENTES Á TITULACIÓN DE:	DISTRITO UNIVERSITARIO	CURSO	MODALIDE DE BONOS <input type="checkbox"/> DIARIA <input type="checkbox"/> SEMANAL

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	INGRESOS

SOLICITO Bonificación ao Transporte Universitario de Estudiantes para o curso 2010-2011 e declaro baixo a miña responsabilidade que son certos e comprobables documentalmete todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude, aceptando a responsabilidade, que se é o caso poidan derivarse.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

Lalín, de de 2010

En cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lalín informa que os datos proporcionados cubrindo o formulario dispoñible ao efecto serán recollidos nun ficheiro do cal é responsable o Concello de Lalín, e poderán ser cedidos a entidades colaboradoras co Concello de Lalín para o desenrolo de actividades de prestación de servizos sociais. A persoa usuaria poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, dirixíndose ao Concello de Lalín, sito no enderezo Praza do Concello, s/n- 36500 - Lalín (Pontevedra)

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN

L K M O

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA DE PRIMEIRA CARREIRA OU CONTINUIDADE DE CARREIRA DE SEGUNDO CICLO

D./D^a.

provisto/a de NIF/NIE

solicitante de bonificación ao Transporte

Universitario de Estudiante para o curso 2010 - 2011, **DECLARO** que estou realizando a primeira carreira ou continuidade doutra nun segundo ciclo.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración en Lalín a de _____ de 2010.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

Lalín, _____ de _____ de 2010

En cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lalín informa que os datos proporcionados cubrindo o formulario dispoñible ao efecto serán recollidos nun ficheiro do cal é responsable o Concello de Lalín, e poderán ser cedidos a entidades colaboradoras co Concello de Lalín para o desenvolvemento de actividades de prestación de servizos sociais. A persoa usuaria poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, dirixíndose ao Concello de Lalín, sito no enderezo Praza do Concello, s/n- 36500 - Lalín (Pontevedra)

L

K

M

N

ANEXO III

(Cubrir só no caso de non aportar copia da matrícula)

DECLARACIÓN XURADA DE FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

D./D^a.

provisto/a de NIF/NIE

solicitante de bonificación ao Transporte

Universitario de Estudiante para o curso 2010 - 2011, **DECLARO** que estou pendente de formalizar a matrícula para o presente curso académico:

Estudos conducentes á obtención de titulación :

Curso Académico :


Distrito Universitario :

Que me comprometo a presentar o correspondente documento xustificativo de estar matriculado/a no ano académico 2010-2011.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

Lalín, de de 2010

En cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lalín informa que os datos proporcionados cubrindo o formulario dispoñible ao efecto serán recollidos nun ficheiro do cal é responsable o Concello de Lalín, e poderán ser cedidos a entidades colaboradoras co Concello de Lalín para o desenvolvemento de actividades de prestación de servizos sociais. A persoa usuaria poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, dirixíndose ao Concello de Lalín, sito no enderezo Praza do Concello, s/n - 36500 - Lalín (Pontevedra)



ANEXO IV

D./D^a.

provisto/a de NIF/NIE

solicitante de bonificación ao Transporte

Universitario de Estudiante para o curso 2010 - 2011 con número de rexistro de entrada _____ de data _____ **RENUNCIO** á solicitude de bonificación presentada.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

Lalín, de de 2010

En cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lalín informa que os datos proporcionados cubrindo o formulario dispoñible ao efecto serán recollidos nun ficheiro do cal é responsable o Concello de Lalín, e poderán ser cedidos a entidades colaboradoras co Concello de Lalín para o desenvolvemento de actividades de prestación de servizos sociais. A persoa usuaria poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, dirixíndose ao Concello de Lalín, sito no enderezo Praza do Concello, s/n - 36500 - Lalín (Pontevedra)

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN

L

K

M

N

ANEXO V

Solicitud de Cambio da Modalidade de Bonos do Transporte Universitario de Estudiantes CURSO 2010-2011

D./D^a.

provisto/a de NIF/NIE ao abeiro das Bases Reguladoras das

Bonificacións ao Transporte Universitario de Estudiante para o curso 2010 - 2011, **DECLARO** que solicitei a modalidade de bonos diaria semanal.

SOLICITO o cambio á modalidade _____ polos motivos que expoño a continuación:

- 1.
- 2.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

Lalín, de de 2010

En cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lalín informa que os datos proporcionados cubrindo o formulario dispoñible ao efecto serán recollidos nun ficheiro do cal é responsable o Concello de Lalín, e poderán ser cedidos a entidades colaboradoras co Concello de Lalín para o desenvolvemento de actividades de prestación de servizos sociais. A persoa usuaria poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, dirixíndose ao Concello de Lalín, sito no enderezo Praza do Concello, s/n- 36500 - Lalín (Pontevedra)

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LALÍN

L

K

M

N

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Copia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte do/a solicitante.
- 1 fotografía tamaño carné.
- Xustificante de matrícula.
- Certificado de convivencia da unidade familiar.
- Fotocopia cotexada da declaración da renda do último exercicio económico de todos os membros que compoñan a unidade familiar ou certificación negativa expedida pola Administración Tributaria.
- No caso de variacións significativas na renda per cápita bruta no ano 2010, achegaranse xustificantes dos ingresos.
- Fotocopia da certificación do grao de minusvalía no caso de que algún membro da familia este afectado por ela, ou resolución de invalidez.

Achegarase ademais a seguinte documentación en caso de atoparse nas seguintes situacións:

PARA PENSIONISTAS

- Xustificante de pensión/s mensual/ais no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS correspondente ó ano 2009.

PARA DEMANTES DE EMPREGO CON PRESTACIÓNS

- Certificado das prestacións do INEM correspondente ó ano 2009.
- Vida laboral da tesourería da Seguridade Social.

PARA DEMANDANTES DE EMPREGO SEN PRESTACIÓNS

- Fotocopia tarxeta demanda de emprego
- Vida laboral da Tesourería da Seguridade Social.

PARA PERCEPTORES DA RISGA

- Aportarán unicamente o xustificante da contía mensual que percibe.

